

ACTA COORDINADORA 22 MAIO 2017

Sendo as 18:30 horas do día 22 de maio, reúnese a Coordinadora para tratar a seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación das actas anteriores
2. Moción de censura e os resultados
3. Carta financeira
4. Expansión territorial
5. Mareas sectoriais, actos e xuntanzas
6. Regulamentos e responsabilidades da coordinadora
7. Comunicación web

Asistentes: Vitoria Esteban, Elena Cores, Ana Seijas, Mario López, Iria, Gonzalo, Sara Torreiro e Chelo Martínez.

Xustifican inasistencia: Luís Villares, Alfonso Diz e Esther Duro.

1. Lectura e aprobación das actas anteriores

Pendente par a próxima xuntanza da Coordinadora.

2. Moción de censura e os resultados

Valorase positivamente os resultados da participación dadas as circunstancias. Acórdase facer un chamamento á creación dunha fronte de esquerdas e o nacionalismo para desaloxar ao PP do goberno do estado.

3. Carta financeira

Entrega Gonzalo a proposta. Pendente o debate para a próxima reunión da Coordinadora.

4. Expansión territorial

Hai varias localidades solicitando a constitución da Marea Local. Farase un calendario.

5. Mareas sectoriais, actos e xuntanzas

Debemos seguir a crear mareas sectoriais e organizando actos.

6. Regulamentos: responsabilidades das áreas da coordinadora

Quedan definidas as responsabilidades da coordinadora e incorporadas aos regulamentos, serán enviadas ao Consello.

7. Comunicación web

A comunicación na web ten varias eivas. Non melloramos a introdución de temas políticos e non conseguimos colocar un discurso de apertura e participación. As imaxes de cabeceira non poden ocultar a estrutura de menús.

8. Varios

Microcréditos. Informa Gonzalo que inda non chegou o ingreso da Xunta Electoral.

Local. Avalíase a posibilidade de alugalo en solitario EM dada a falta de dispoñibilidade de CA

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión ás 21:30 horas.